

**DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, na data da sinatura electrónica**

Visto o informe-proposta elaborado polo titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 31 de maio, refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita pola Concellería da Policía Local, mediante providencia de data 9 de abril, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 14 das Bases de execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO** :

**1.- Aprobar a modificación orzamentaria 13-T/2018**, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións encadradas na mesma área de gasto, nos seguintes termos:

**Área de gasto 1**

**A) APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO**

Aplicación	Descrición	Importe
N240.1320.62301	Equipos e utillaxe Policía Local	13.779,49 €
<b>Total Transf. Positivas:</b>		<b>13.779,49 €</b>

**B) APLICACIÓN QUE TRANSFIRE CRÉDITO**

Aplicación	Descrición	Importe
N230.1320.12101	Complemento específico Policía Local	13.779,49 €
<b>Total Transf. Negativas:</b>		<b>13.779,49 €</b>

**2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.”**

O manda e asina a primeira tenente de alcalde no exercicio das funcións da Alcaldía en virtude de delegación efectuada polo Sr. Alcalde-Presidente, mediante Decreto da Alcaldía nº 2018003625, do que eu, Oficial Maior, dou fe.

